

XI CARREIRA POPULAR EXPOURENSE-MEGAXOVE

A **XI EDICIÓN DA CARREIRA EXPOURENSE – MEGAXOVE**, organizada polo Club Ourense Atletismo Academia Postal baixo o patrocinio da **Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia**, o **Consello Municipal de Deportes–Concello de Ourense**, e **EXPOURENSE**, e que conta co permiso da Federación Galega de Atletismo, terá lugar o **Mércores, día 8 de decembro de 2010**, a partires das 11:15 horas da mañá, nas inmediacións dos recintos de Expourense e o Pazo de Deportes Paco Paz.

A proba estará suxeita ó seguinte **REGULAMENTO**:

1.- A participación queda aberta a tódolos deportistas interesados, independentemente de que sexan federados ou non. Os federados deberán facilitar na inscrición o seu número de licenza.

2.- Establécense as seguintes **categorías**:

Cativos	nad@s en 2004 e con posterioridade
Benxamín	nad@s en 2002 e 2003
Alevín	nad@s en 2000 e 2001
Infantil	nad@s en 1998 e 1999
Cadete	nad@s en 1996 e 1997
Xuvenil	nad@s en 1994 e 1995
lúnior	nad@s en 1992 e 1993
Promesa – Sénior	nad@s entre 1976 e 1991
Veteráns A (homes e mulleres)	nad@s entre 1966 e 1975
Veteráns B Homes	nados entre 1956 e 1965
Veteráns C Homes	nados en 1955 e con anterioridade
Veteráns D Mulleres	nadas en 1965 e con anterioridade

3.- A proba estará controlada polo Comité Galego de Xuíces da Federación Galega de Atletismo (Delegación en Ourense). O control das inscricións, dorsais, chips, resultados e secretaría será realizado por ChampionChip (agás nas carreiras de Cativos e Benxamín).

4.- O control por chip se realizará a partir da categoría Alevín. Cada atleta levará un chip de control, que deberá ser devolto ao finalizar a súa participación. Os atletas de categorías Cativos e Benxamín non levarán chip.

5.- As clasificacións serán individuais para cada categoría, atendendo ó posto na liña de chegada. Na categoría de Cativos non se establecerá unha clasificación final, e tódolos participantes na mesma recibirán unha medalla ó alcanzar a liña de meta. As clasificacións finais poderán ser consultadas na web www.championchipnorte.com, e na páxina web do Club (www.ourenseatletismoacademiapostal.com) ao longo da tarde.

6.- Establécense os seguintes premios, que serán acumulativos na carreira absoluta:

- ⇒ Trofeo ós vencedores de cada unha das categorías, e medallas ó segundo e terceiro clasificado
- ⇒ Trofeo ós tres primeiros clasificados da carreira absoluta (lúnior-Promesa-Senior-Veteráns), homes e mulleres

7.- INSCRICIÓNs: as inscricións se poderán realizar ata as 20:00 horas do luns, 6 de decembro, **NON ADMITÍN-DOSE INSCRICIÓNs DESPOIS DE DITO PRAZO NIN NO MESMO DÍA DA CARRERA**. A inscrición para as categorías que leven chip se formalizará a través dun formulario específico accesible a través da páxina web www.championchipnorte.com.

O resto (Cativos e Benxamíns) formalizarán a súa inscrición a través da dirección de correo club@ourenseatletismo.com. Na categoría de Cativos non se fará clasificación, e tódolos participantes recibirán unha medalla ao finalizar a proba.

Os dorsais e os chips se entregarán o mesmo día da proba, desde as 10:00 da mañá, e **ATA 30 MINUTOS ANTES** do comezo de cada carreira.

Organiza:



Patrocinan:




XI CARREIRA POPULAR EXPOURENSE-MEGAXOVE

8.- A organización e as persoas que interveñen na mesma non se fan cargo dos danos morais ou materiais que a sí mesmos ou a outras persoas podan ocasionar os participantes.

9.- Aqueles aspectos que non contemple o presente Regulamento se resolverán segundo o disposto no da Federación Internacional de Atletismo. Os participantes, polo mero feito de tomar parte na proba, acatan o presente Regulamento.

10.- Horario das probas, percorrido e distancias aproximadas:

11:15	Alevín – Infantil mulleres	1 volta G	1.200 m.
11:25	Alevín – Infantil homes	1 volta P + 1 volta G	2.050 m.
11:40	Cadete – Xuvenil mulleres	1 volta P + 1 volta G	2.050 m.
11:55	Cadete – Xuvenil homes	3 voltas G	3.600 m.
12:20	Lúniior-Promesa-Sénior-Veteráns	5 voltas G	6.000 m.
12:55	Benxamín Mixto	1 volta P	850 m.
13:05	Cativos	Mini volta	300 m.
13:30	ENTREGA DE PREMIOS				



Organiza:



Patrocinan:

